



RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE XULLO DE 2015 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL DOCENTE.

Logo da autorización conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 14 de xullo de 2015, convócase un concurso para a contratación laboral do persoal docente que se relaciona no Anexo I da presente Resolución. O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

1.- NORMATIVA

Este concurso rexerese polas bases desta convocatoria e pola normativa seguinte:

- a) O Capítulo I do Título IX da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril).
- b) O Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002).
- c) Os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia de 13 de maio de 2004 (DOG de 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro de 2007).
- d) A Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 30 de abril de 2014.

2.- REQUISITOS DOS CONCURSANTES

Para concursar a cada unha das categorías do persoal docente e investigador interino e contratado laboral, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2.1 Requisitos de carácter xeral:

- a) Ser español/a, nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros Estados cando así se preveña nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Os/as nacionais de Estados distintos dos indicados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e ser contratados/as, sempre que se atopen en España en situación de legalidade e sexan titulares dun documento que os habilite para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b) Ter cumprido os dezaioito anos e non ter cumprido a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión da titulación esixida en cada unha das prazas que figuran no anexo I. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.
- d) Ter aboado as taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- e) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impedir o desempeño das funcións.



- f) Non ter sido separado/a do servizo, nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, de 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades.
- g) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.

Os requisitos e), f) e g) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

2.2 Requisitos específicos para cada figura:

Profesor/a asociado/a:

O contrato poderase realizar con especialistas de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fóra do ámbito académico universitario. Esta actividade profesional deberá estar directamente relacionada cos contidos da actividade docente para desenvolver e ser desenvolvido por un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Profesor/a axudante doutor/a:

- a) Estar en posesión do título de doutor/a.
- b) Avaliación previa positiva para a categoría de axudante doutor/a da súa actividade por parte da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinaren, sempre que exista convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia

3.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

3.1. As persoas que desexen participar neste concurso farano utilizando o modelo de solicitude e de currículo que figuran como anexos II e III a esta convocatoria.

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade da Coruña, no **prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia**.

3.2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE de 27 de novembro).

Presentarase unha solicitude por triplicado e un currículo por cada unha das prazas a que se aspire.

3.3. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán á súa solicitude cos seguintes documentos:

- a) Copia do DNI ou documento equivalente.
- b) Copia compulsada ou legalizada do título académico esixido. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.
- c) Xustificante do pagamento na conta corrente 0049-5030-15-2516011262, concursos-oposicións; Banco Santander Central Hispano da Coruña, da cantidade de 40,74 euros por cada praza a que se concurse, dentro do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso o pagamento suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma, perante o órgano expresado na base terceira. Gozarán de exención de taxas, logo de xustificación documental as persoas con minusvalía igual ou superior ao 33%. Tamén estarán exentas do pagamento as

persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Así mesmo, gozarán dunha bonificación do 50% da taxa, os membros de familias numerosas de categoría xeral. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da minusvalía ou do carné de familia numerosa segundo corresponda. Tamén estarán exentas as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria, **agás para as prazas de profesor/a asociado/a**. Para beneficiarse da exención será requisito que non rexeitasen, no prazo de que se trate, oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional. O certificado relativo á condición de demandante de emprego, cos requisitos sinalados, solicitarase na oficina dos servizos públicos de emprego. Para acreditar as rendas deberá achegarse unha declaración xurada ou promesa escrita do solicitante. Ambos os dous documentos deberán xuntarse á solicitude.

d) Para acreditar os requisitos específicos esixidos para as prazas de profesor/a asociado/a, debe achegarse a seguinte documentación:

- Traballos por conta allea: certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.
- Traballos por conta propia: certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social. No suposto de que para a actividade profesional que se exerce non resulte obrigatoria a alta en ningún réxime do sistema da seguridade social, deberase presentar certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.

e) Documentos acreditativos dos méritos na forma que se indica no currículo (anexo III).

3.4. Os documentos que constitúan o currículo do/a concursante presentaranse encadernados e foliados, cunha declaración responsable do número de páxinas de acordo co modelo que figura como Anexo IV a esta convocatoria.

3.5. Con respecto á documentación a presentar deberá terse en conta:

3.5.1. Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado o dito prazo.

3.5.2. Para a declaración da nota media que se establece no BLOQUE I do currículo deberán utilizarse os arquivos excel que están na páxina web da Universidade dispoñibles en:

<http://www.udc.es/pdi/concursos/declaracion/>

Non presentar a certificación académica persoal ou non acreditar os méritos alegados, non determinará a exclusión do/a aspirante ao concurso, pero impedirá o seu cómputo e valoración no baremo establecido.

3.5.3. Todos os requisitos deberán reunirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.6. Rematado o procedemento, a documentación dos concursantes quedará ao seu dispor no Centro de onde deberán retirala. Non obstante, no caso de interposición de reclamación ou recurso, estará depositada no Servizo de PDI e non poderá retirarse ata que a resolución impugnada sexa firme, sen prexuízo de que os interesados poidan realizar copia da documentación para outros efectos.

3.6.1. Transcorridos seis meses desde a finalización do procedemento ou, no caso de haber recurso, desde que a resolución impugnada adquira firmeza, a documentación que non fora retirada será destruída.



4.- PUBLICIDADE DAS RELACIÓNS DE CONCURSANTES

4.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días hábiles publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se fará pública no taboleiro electrónico oficial da Universidade, nos taboleiros de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/, con mención expresa do nome e apelidos e, se for o caso, das causas de exclusión.

4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión. Transcorrido este prazo, o reitor ditará resolución que declare aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados.

4.3. De acordo co previsto no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, de 26 de novembro, estas publicacións substituirán a notificación persoal ás persoas interesadas e producirán os mesmos efectos que a notificación persoal.

5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

5.1. De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada.

5.2. Ademais, formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días hábiles desde a notificación por parte da universidade, rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este membro actuará con voz e sen voto.

5.3. Segundo o art. 83 dos Estatutos da UDC, as comisións de selección do persoal docente e investigador contratado estarán presididas polo/a decano/a ou director/a do centro e formarán parte destas o/a director/a do departamento a que se adscriba a praza, que actuará como secretario/a, e tres membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso, nomeados polo Consello de Goberno a partir dunha proposta de cinco membros, realizada polo Consello de Departamento, sendo funcionario, polo menos, un deles.

De non existir número suficiente de profesores na área que reúna os requisitos sinalados no apartado 5.1, designaranse profesores das áreas afíns. No caso de persistir a insuficiencia, serán designados por sorteo profesores e profesoras das áreas con docencia no centro por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo.

Da mesma maneira, deberán nomearse os membros suplentes das comisións, en previsión dos supostos a que se refire o artigo seguinte.

5.4. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impedir a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días hábiles, que conta desde a recepción da renuncia e procederase á substitución pola persoa suplente.

De calquera xeito, os membros das comisións en que se dea algunha das causas sinaladas no art. 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992 (BOE do 27 de novembro) deberán absterse de intervir e comunicaranllo ao reitor para a designación do/a suplente no prazo de tres días hábiles sinalado no parágrafo anterior.

5.5. Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impediren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo/a presidente/a da comisión ao reitor co fin de nomear o/a suplente no prazo de tres días hábiles.

5.6. A composición das comisións de selección publicarase na resolución que aprobe as relacións definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao concurso.

5.7. Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

5.8. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente, seguindo o disposto no art. 48 da Lei orgánica 4/2007, estar acreditado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios segundo o disposto na presente norma.

6.- ACTUACIÓN DA COMISIÓN

6.1. Unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes e a composición da comisión, o/a presidente/a desta procederá, no prazo de dez días hábiles, a convocala e constituíla. Para estes efectos considérase inhábil o mes de agosto.

Se por causa xustificada a comisión non se puidese reunir no referido prazo de dez días hábiles, que conta desde a publicación da relación definitiva, o/a presidente/a deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días hábiles seguintes, que publicará no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles.

6.2. Transcorridos os prazos antes indicados sen que se constituía a comisión, o reitor procederá a nomear un/unha novo/a presidente/a.

6.3. A comisión actuará sempre no centro a que pertenza o/a presidente/a.

6.4. As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que debe estar o/a presidente/a e o/a secretario/a.

6.5. No mesmo acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de avaliación, dentro dos límites establecidos polo baremo sinalado nesta normativa que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade das persoas aspirantes.

A comisión publicará os criterios no taboleiro do centro. Así mesmo remitiraos ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade:

http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/

Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada que até ese momento permanecerá precintada baixo a custodia do presidente.

Con carácter xeral, a comisión poderá avaliar os diferentes apartados do baremo atendendo á adecuación dos méritos dos candidatos ao perfil da praza.

6.6. Os acordos das comisións, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

7. PROPOSTA DA COMISIÓN

7.1. As comisións redactarán unha acta en que se reflectirá a puntuación acadada por cada un/unha dos/as concursantes.

Incluirase un informe do representante sindical que, no caso de ser desfavorable, debe de estar motivado.

7.2. Seguidamente, formularán a súa proposta de resolución, en que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

7.3. Se a comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando detalladamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

7.4. A comisión publicará a súa proposta de resolución no taboleiro de anuncios do centro xunto coa acta de puntuacións. Así mesmo remitirá a proposta e a acta de puntuacións ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/ Concederáselles a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

7.5. As reclamacións deberán ser dirixidas ao/á presidente/a da comisión e entregadas no rexistro do centro en que aquela actúe, no Rexistro Xeral da UDC ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992. No caso de presentarse a reclamación nun rexistro público alleo a esta universidade, o/a



interesado/a deberá comunicalo á UDC por correo electrónico ou por fax dirixido ao Servizo de Persoal Docente e Investigador. Os enderezos figuran na páxina web da Universidade.

7.6. Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o/a presidente/a da comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, para os efectos da resolución definitiva do concurso e expedición do nomeamento ou formalización do correspondente contrato.

7.7. No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a comisión encargada de vulgar a praza trasladará o expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razoado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas e suspenderase o nomeamento ou a contratación até que recaia resolución reitoral.

A Comisión de Reclamacións deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción das actuacións ou expediente administrativo do concurso e remitirá seguidamente o expediente ao reitor.

8.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

8.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o reitor ditará resolución e atribuíralle a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de vulgala ou, no caso de ser presentada reclamación, pola Comisión de Reclamacións, nos termos previstos no artigo 54 da Lei 30/1992.

8.2. A resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial da Universidade, nos taboleiros de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol, e na páxina web:

http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/

Esta publicación substituirá a notificación persoal aos/ás interesados/as e producirá os mesmos efectos, segundo o previsto no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

8.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, de acordo co establecido no art. 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

9.- CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

9.1. A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles no Servizo de Persoal Docente e Investigador (PDI) para formalizar o correspondente contrato. Se houber lugar a presentación dunha solicitude de autorización de compatibilidade, deberá acreditar a correspondente solicitude e o prazo para a contratación quedará automaticamente prorrogado ata a súa resolución.

O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

O desempeño dun segundo posto no sector público unicamente é susceptible de compatibilidade coa figura de profesor asociado, nos termos que establece a Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

9.2. A persoa candidata incorporarase na data de inicio que indique o seu contrato perante o/a director/a de departamento que o/a presentará ao/á decano/a ou director/a do centro. O/a director/a do departamento dará conta da incorporación á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

9.3. No suposto de que o/a adxudicatario/a renunciase á praza, non chegase a presentarse para formalizar o contrato ou non acreditase a presentación da solicitude de autorización de compatibilidade no prazo sinalado, ou finalmente se lle denegase a dita autorización, o reitor procederá a asignar a praza ao/á seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura de novo concurso.



10.- OUTROS

A normativa pola que se rexe este concurso está a disposición dos/as interesados/as no Servizo de Persoal Docente e Investigador (Rúa da Maestranza, nº 9) e na páxina web da Universidade: (http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/profesorado/seleccioninterinolabcont.pdf).

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE do 27 de novembro), modificada por Lei 4/1999 do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro).

A Coruña, 21 de xullo de 2015

O reitor,

Xosé Luís Armesto Barbeito



ANEXO I

REF.NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONES
15/3001	1	Asociado/a	PARCIAL (P03)	Comercialización e Investigación de Mercados	Análise Económica e Administración de Empresas	Facultade de Economía e Empresa	611G01037 Fundamentos de Mercadotecnia 611G02030 Distribución Comercial 611G02037 Comportamento do Consumidor: Produtos e Marcas	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXENEIRO/A OU GRADUADO/A	
15/3002	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P03	Comercialización e Investigación de Mercados	Análise Económica e Administración de Empresas	EU de Deseño Industrial	771G01032 Marketing 611G02015 Introducción ao Marketing	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXENEIRO/A OU GRADUADO/A	
15/3003	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P04	Fundamentos de Análise Económica	Análise Económica e Administración de Empresas	Facultade de Economía e Empresa	611G01012 Microeconomía e Mercados 611G01005 Principios de Macroeconomía 612G01008 Principios de Economía e Facenda Pública	LICENCIADO/A EN CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS OU LICENCIADO/A EN ECONOMÍA OU LICENCIADO/A EN DIRECCIÓN DE EMPRESAS	
15/3004	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P06	Zoología	Biología Animal, Biología Vexetal e Ecoloxía	Facultade de Ciencias	610G02035 Fisioloxía Animal I 610G02036 Fisioloxía Animal II 610G02031 Zooloxía I 610G01032 Zooloxía II	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXENEIRO/A OU GRADUADO/A	



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

REF.NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONS
15/3005	1	Asociado/a T1	PARCIAL P03	Enfermaría. Área funcional de Podoloxía	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G02034 Practicum 2 750G02035 Practicum 3	DIPLOMADO/A EN PODOLOXÍA OU GRADUADO/A SIMILAR	
15/3006	1	Asociado/a T1	PARCIAL P03	Enfermaría. Área funcional de Terapia Ocupacional	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01211 Estadías Prácticas III	DIPLOMADO/A EN TERAPIA OCUPACIONAL: ESPECIALIDADE DE INFANTIL OU GRADUADO/A SIMILAR	ÁREA SANITARIA DA CORUÑA OU FERROL
15/3007	1	Asociado/a	PARCIAL P04	Medicina Preventiva e Saúde Pública	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G01008 Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico 750G02011 Método Científico e Saúde Pública 44622202 Preparación para un Proxecto de Investigación II: Desenvolvemento e Comunicación	DOCTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXENEIRO/A OU DIPLOMADO/A OU ENXENEIRO/A TÉCNICO OU GRADUADO/A	
15/3008	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P03	Composición Arquitectónica	Composición	ETS de Arquitectura	630G02035 Historia da Arquitectura I 630G02015 Historia da Arte 467125 Técnicas de Investigación e Documentación en Arquitectura	ARQUITECTO/A OU GRADUADO/A SIMILAR	



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

REF. NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONS
15/3009	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P04	Dereito Penal	Dereito Público	Facultade de Dereito	4447208 Espazo de Liberdade, Xustiza e Seguridade 612G01020 Dereito Sancionador 612G01039 Dereito Penitenciario 612G01045 Aproximación Cinematográfica ó Dereito 612G0110 Dereito Penal. Parte Xeral 4499008 Práctica Sustantiva Penal	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU GRADUADO/A	
15/3010	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P06	Dereito Procesual	Dereito Público	Facultade de Dereito	Materias da área	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU GRADUADO/A	
15/3011	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P05	Economía Financeira e Contabilidade	Economía Financeira e Contabilidade	Facultade de Economía e Empresa	Materias da área	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU GRADUADO/A	
15/3012	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P04	Economía Financeira e Contabilidade	Economía Financeira e Contabilidade	Facultade de Economía e Empresa	Materias da área	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU GRADUADO/A	



REF.NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONS
15/3013	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P06	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	Electrónica e Sistemas	Facultade de Informática	614G01007 Fundamentos dos Computadores 614G01018 Concorrenzia e Paralelismo 614G01033 Arquitectura de Computadores	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU GRADUADO/A	
15/3014	1	Asociado/a T1	PARCIAL P03	Fisioterapia	Fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	651G01035 Estadias Clínicas I (Rehabilitación Cardiorespiratoria)	DIPLOMADO/A EN FISIOTERAPIA OU GRADUADO/A SIMILAR	ÁREA SANITARIA DA CORUÑA
15/3015	1	Asociado/a	PARCIAL P03	Comunicación Audiovisual e Publicidade	Humanidades	Facultade de Ciencias da Comunicación	616G01043 Multimedia sobre Dispositivos Móviles	LICENCIADO/A EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL OU GRADUADO/A SIMILAR	
15/3016	1	Asociado/a	PARCIAL P06	Enxeñaría Hidráulica	Métodos Matemáticos e de Representación	ETS de Enxeñeiros de Canais, Canais e Portos	632G02042 Obras Hidráulicas e Enerxía 4514036 Proxectos de Obras Hidráulicas	ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	Licenza da Luis Cea Gómez



REF. NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONES
15/3017	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P06	Matemática Aplicada	Métodos Matemáticos e de Representación	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	632G02023 Métodos Numéricos e Programación 632G02013 Cálculo de Probabilidades e Estatísticas	ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	
15/3018	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P04	Matemática Aplicada	Métodos Matemáticos e de Representación	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	632G01014 Introducción aos Métodos Numéricos 632G02013 Cálculo de Probabilidades e Estatística	ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	
15/3019	1	Asociado/a	PARCIAL P05	Didáctica da Matemática	Pedagogía e Didáctica	Facultade de Ciencias da Educación	652G02018 Educación Matemática II 652G01031 Matemáticas e Xogo 652G01035 Prácticum II 437223 Didáctica da Matemática para Profesorado de Educación Secundaria	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU DIPLOMADO/A OU ENXEÑEIRO/A TÉCNICO OU GRADUADO/A	
15/3020	1	Asociado/a	PARCIAL P03	Didáctica das Ciencias Experimentais	Pedagogía e Didáctica	Facultade de Ciencias da Educación	652G01019 Ensino das Ciencias da Natureza	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU DIPLOMADO/A OU ENXEÑEIRO/A TÉCNICO OU GRADUADO/A	



REF.NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONS
15/3021	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P03	Didáctica das Ciencias Experimentais	Pedagogía e Didáctica	Facultade de Ciencias da Educación	662G01019 Ensino das Ciencias da Natureza	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU GRADUADO/A	
15/3022	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	PARCIAL P06	Socioloxía	Socioloxía e Ciencia Política e da Administración	Facultade de Socioloxía	615G01303 Metodoloxía de Investigación por Enquisas 615G01208 Estrutura e Cambio Social 652G02004 Socioloxía da Educación 472203 Estrutura Social, Mercado de Traballo e Migración Internacional	LICENCIADO/A EN SOCIOLOXÍA OU GRADUADO/A SIMILAR	
15/3023	1	Asociado/a	PARCIAL P06	Mecánica dos Medios Continuos e Teoría de Estruturas	Tecnoloxía da Construción	ETS de Arquitectura	630G01013 Física 2 630G01019 Estruturas 1 630G01023 Estruturas 2 630G01034 Estruturas 4	DOUTOR/A OU LICENCIADO/A OU ARQUITECTO/A OU ENXEÑEIRO/A OU DIPLOMADO/A OU ENXEÑEIRO/A TÉCNICO OU GRADUADO/A	
15/3024	1	Axudante doutor/a	TEMPO COMPLETO (TC)	Organización de Empresas	Análise Económica e Administración de Empresas	Facultade de Economía e Empresa	650G01003 Economía da Empresa: Función Organizativa 611G01008 Economía da Empresa: Dirección e Organización 492015 A Simulación como Ferramenta de Deseño de Políticas de RRRH	DOUTOR/A E LICENCIADO/A EN CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAS OU LICENCIADO/A EN ECONOMÍA OU LICENCIADO/A EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS OU GRADUADO/A SIMILAR	



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

REF.-NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONS
15/3025	1	Axudante doutor/a	TEMPO COMPLETO (TC)	Botánica	Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía	Facultade de Ciencias	Materias da área	DOUTOR/A E LICENCIADO/A EN BIOLOXÍA OU GRADUADO/A SIMILAR	
15/3026	1	Axudante doutor/a	TEMPO COMPLETO (TC)	Historia da Ciencia	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaria e Podoloxía	653G01108 Bases Históricas e Documentación en Terapia Ocupacional 750G01004 Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saúde 44622201 Preparación dun Proxecto de Investigación I: Busca da Información	DOUTOR/A	
15/3027	1	Axudante doutor/a	TEMPO COMPLETO (TC)	Composición Arquitectónica	Composición	ETS de Arquitectura	630G01035 Historia da Arquitectura 1 630G01025 Teoría da Arquitectura 630G02015 Historia da Arte	DOUTOR/A E ARQUITECTO/A OU LICENCIADO/A EN HISTORIA DA ARTE OU GRADUADO/A SIMILAR	
15/3028	1	Axudante doutor/a	TEMPO COMPLETO (TC)	Composición Arquitectónica	Composición	ETS de Arquitectura	630G01005 Introducción a Arquitectura 630G01025 Teoría da Arquitectura 630G01040 Historia da Arquitectura 2	DOUTOR/A E ARQUITECTO/A OU GRADUADO/A SIMILAR	



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

REF.NUM. PRAZA	NUMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONS
15/3029	1	Axudante doutor/a	TEMPO COMPLETO (TC)	Composición Arquitectónica	Composición	ETS de Arquitectura	630G01025 Teoría da Arquitectura 4519004 Crítica Arquitectónica 630G02061 Teoría da Intervención Contemporánea	DOCTOR/A E ARQUITECTO/A OU GRADUADO/A SIMILAR	
